

FEBREIRO 2025



ESTAS SON AS CONTAS DO FONDO COMÚN DE OS COTOS NO ANO 2024

Ano 2024			
Mes	Ingresos	Gastos	
Xaneiro	1.070,00	-507,91	Saldo a 31-12-2024 1.130,29
Febreiro	775,00	-445,06	
Marzo	1.056,37	-2.669,26	
Abril	794,53	-876,47	Ingresos 2024 10.124,59
Maio	788,69	-347,90	
Xuño	811,85	-1.095,10	
Xullo	916,27	-702,19	Gastos 2024 -10.065,09
Agosto	759,54	-728,95	
Setembro	799,33	-631,03	
Outubro	776,48	-589,51	Total 2024 59,50
Novembro	795,49	-650,17	
Decembro	781,04	-821,54	

Saldo actual **1.189,79**


ANO 2023	INGRESOS 2024	GASTOS 2024	TOTAL 2024	SALDO ACTUAL 31-12-2024
1.130,29	10.124,59	-10.065,09	59,50	1.189,79

Nestas contas do 2024 destacamos os **ingresos** de 9.250 que entre todas as parroquias aportaron coa cuota mensual. Este ano houbo uns donativo de 233 euros para a festa da Pascua. Os intereses bancarios supuxeron 136 euros. Os donativos para a reitoral sumaron 205 euros, e a parroquia de Moscoso fixo unha aportación extra de 300 euros aportando un total de 2.100 euros.

Algúns **gastos** importantes: luz 932, teléfono 711, licencia da páxina web oscotos.eu 260, aportación aos párrocos 1.200 (50 euros mensuais), folla parroquial 1.116, pan e viño para as eucaristías 748, seguro da casa 517, Festa da Pascua no pavillón 1.802, limpeza e mantemento da reitoral 600, gasoil e pellets para a casa 300, fotocopias para celebracións 786, postais do Nadal e montaxe dos beléns 236, Festa de Os Cotos no merendeiro de San Antonio de Verducido 110, catequese 303, material de oficina 301 e desbroces na reitoral 138 euros.

Estas contas son presentadas na Diocese de Tui-Vigo, e poden verse máis a fondo na nosa páxina web de Os Cotos.

**Grazas por unha economía
tan compartida**



228 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

"Un contiño para vivir"**"Grandes recompensas para pequenos esforzos"**

Un día calquera da miña vida no que non parece haber nada de especial e no que alguén decide interromper a miña tranquila rutina cunha sinxela tarefa, un pequeno servizo, algo no que podo ser necesario.

Penso, "buff, co ben que estou agora aquí", e non sen esforzo e con paso preguiceiro, abandono o meu letargo.

Nada máis saír de casa, a vida, unha vez máis, pon a súa man sobre o meu ombreiro, a súa prudente palmadiña nas costas: o sol, escondido detrás de Barbudo, debuxa un precioso atardecer, un ceo avermellado con pizpiretas nubes que parecen estar a reclamar a miña atención, unha paisaxe única que me perdería se estivese aparcado na miña cómoda situación.

De novo, esa sensación de fortuna, de ser recompensado pola grandeza e xenerosidade dunha natureza á que debemos a vida e á que non sempre correspondemos.

Será que teremos que estar máis atentos a eses pequenos detalles, un xesto, unha mirada, un sorriso, unha chamada de teléfono, unha caricia, un bico, en fin, detalles que nos sorprenden enchendo de cores e alegrándonos a vida cando menos o esperamos.

Sudoku

2		5	3		8	4		9
	7						5	
9		4				6		7
5				4				2
			5		7			
6				3				8
4		6				8		1
	2						6	
8		1	2		9	7		4

O SANTO PARA O MES, en febreiro, o día 16: SAMUEL

É un nome de orixe hebrea que significa "o que leva o nome de Deus", ou "o seu nome é Deus".

Samuel é o profeta bíblico que escolleu ao primeiro rei de Israel, Saul, por petición do pobo e inspiración de Deus, pasando así a constituírse como unha auténtica nación, como un estado, que estaba en grave crise pola falta de unidade política, pola presión dos pobos inimigos e pola perda do templo e da arca da Alianza.

Samuel, coma xuíz, acadou gran autoridade, e como sacerdote destacou nas loitas contra os filisteos.

CONSELLO




"Entendo por relixión, non a un conxunto de ritos e costumes, senón o que está na orixe de todas as relixións poñéndonos cara a cara co Creador.
Mahatma Gandhi"

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



21 de febreiro: DÍA DA LINGUA MATERNA



O 21 de febreiro celébrase o día da lingua Materna co obxectivo de preservar e protexer todos os idiomas e dialectos que se fan en todo o mundo.

A educación da lingua materna preséntase como unha ferramenta esencial para apoiar a aprendizaxe, a alfabetización e a adquisición de idiomas adicionais.

O día Internacional da Lingua Materna foi proclamado pola Conferencia Xeral da UNESCO en novembro de 1999.

Enténdese como lingua materna, o primeiro idioma que adquire unha persoa cando nace e que despois forma parte da súa vida como instrumento de comunicación. Tamén se coñece co nome de lingua nativa.

Vemos con preocupación, que a nivel mundial desaparecen moitas linguas e dialectos de forma estrepitosa. De acordo aos últimos estudos, calcúlase que cada dúas semanas morre unha lingua, o que trae como consecuencia a extinción de todo un patrimonio cultural.

Hoxe mais que nunca, é prioridade defender os dereitos das sociedades multilingües, xa que forma parte da súa tradición e a través delas pódese establecer o intercambio cultural para unha vida máis sostible.



O Papa Francisco: "Xubileo 2025"



"Que o xubileo 2025 poida representar para todos, cristiáns e non cristiáns, unha ocasión para repensar as relacións que nos unen como seres humanos e comunidades políticas; para superar a lóxica do enfrontamento, abrazar a lóxica do encontro e construír un futuro de paz".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE FEBREIRO

DÍA 2	LECTURA	1 Cor 13, 4-13	Permanece a fe, a esperanza e o amor
	EVANXEO	Lc 4, 21-30	Hoxe cúmprese a Escritura
DÍA 9	LECTURA	1 Cor 15, 3-8. 11	Transmito a fe que recibín
	EVANXEO	Lc 5, 1-11	Deixárono todo e seguiron a Xesús
DÍA 16	LECTURA	Xer 17, 5-8	Bendito quen confía en Deus
	EVANXEO	Lc 6, 17. 20-26	Ditosos e benaventurados vós
DÍA 23	LECTURA	1 Cor 15, 45-49	Con Cristo somos imaxe de Deus
	EVANXEO	Lc 6, 27-38	Amade, facede o ben asemelládvos a Deus